

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ortigueira para a asunción por Augas de Galicia da xestión da estación depuradora de augas residuais de Ortigueira e da prestación do servizo de depuración.

1. Antecedentes

14.10.1998 o Concello de Ortigueira solicitou a colaboración técnica e financeira da Administración autonómica para a execución das obras da EDAR de Santa Marta de Ortigueira, de acordo co disposto no entón vixente Decreto 84/1997, do 10 de abril, de colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas.

Logo da tramitación correspondente, a colaboración foi aprobada por resolución do presidente de Augas de Galicia do 17.09.1999 e autorizada por acordo do 23.09.1999 do Consello da Xunta de Galicia.

Rematada a execución das obras, recibidas en conformidade o 21.11.2002 e postas a disposición do Concello de Ortigueira o 10.02.2003, este non chegou a asumir as súas obrigas en canto á súa explotación, conservación e mantemento, sendo a Administración hidráulica de Galicia a que veu prestando o servizo de depuración dende o mesmo remate da súa execución, a través de diversos contratos de xestión de servizo público. O último deles con clave OH.315.639.

No ano 2020 e con motivo do remate da vixencia inicial do contrato de xestión de servizo público, o Concello de Ortigueira solicitou a continuidade desta xestión autonómica, formalizándose o 23.11.2020 un convenio de colaboración entre ambas administracións a fin de regular os termos da dita xestión. O convenio foi obxecto dunha addenda o 19.05.2022, prorrogándose o seu prazo de vixencia ata o 30.05.2024.

Con data do 04.10.2023, no marco do disposto na disposición transitoria primeira da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (LMXCIA), o Concello de Ortigueira solicitou a Augas de Galicia a continuidade da xestión autonómica da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Ortigueira, instando a adaptación do convenio de colaboración vixente ao disposto na dita lei.

2. Obxectivos que se pretenden

É obxecto do convenio establecer as condicións nas que Augas de Galicia asumirá, en calidade de entidade prestadora de servizos e nos termos establecidos na Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, a xestión da



estación depuradora de augas residuais de Ortigueira e dos seus equipos e instalacións.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O servizo de tratamento de augas residuais urbanas é un servizo de competencia municipal, establecida nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; nos artigos 80.2 l) e 81 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia; e que tamén recolle a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, nos seus artigos 5 e 27, no reparto de competencias entre as diferentes administracións públicas de Galicia en materia de infraestruturas hidráulicas.

De acordo co artigo 24.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a actuación das administracións autonómica e local terá como finalidade, en materia de saneamento e depuración, contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados. Neste sentido, Augas de Galicia poderá formalizar os convenios que sexan precisos coas entidades locais para conseguir os obxectivos das políticas de saneamento e depuración fixados, no ámbito de colaboración e cooperación que debe presidir sa relacións entre administracións, tal e como se recolle no artigo 30 da citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo estimado para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Ortigueira é de 251.613,67 euros anuais máis IVE (10%), ao que deben engadirse os custos de subministración eléctrica, que se estiman en 36.192,83 euros anuais (IVE excluído).

Para o financiamento do importe da explotación Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado retido na conta 6299 "Outros servizos exteriores" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia. Para o financiamento do importe da subministración eléctrica Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado retido na conta 6280 "Energía eléctrica" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia.



Se ben a estimación de custos e o seu financiamento son os indicados, cómpre poñer de manifesto que estes gastos se contabilizan e imputan nos correspondentes procedementos de contratación de xestión do servizo público de explotación da depuradora.

Augas de Galicia vén explotando a EDAR de Ortigueira ao abeiro do contrato de xestión de servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Ortigueira. Ortigueira (A Coruña), de clave OH.315.639/XSP.M2, contrato que está prorrogado e cuxa última prórroga, actualmente en tramitación, finalizará o vindeiro día 17.12.2024.

Para a explotación no futuro da EDAR de Ortigueira Augas de Galicia licitou o contrato de servizo de explotación, mantemento e conservación da estación depuradora de augas residuais de Ortigueira. Ortigueira (A Coruña), de clave AUG-2024-0012, cun prazo de execución de vinte e catro (24) meses, prorrogable ata un máximo de trinta e seis (36) meses, un orzamento base de licitación de 594.174,68 euros (incluído IVE) e un valor estimado de 1.295.074,00 euros (excluído IVE).

Os gastos correspondentes á subministración eléctrica da EDAR de Ortigueira non están incluídos no importe de licitación porque está solicitada a incorporación desta subministración ao contrato centralizado de enerxía eléctrica da rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), cuxo órgano xestor informou favorablemente a dita incorporación.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente
O director de Augas de Galicia
Roi Fernández Añón

